



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS




MODIFICACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE AS GÁNDARAS (LUGO)

MODIFICACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE AS GÁNDARAS (LUGO)

FEBREIRO 2011

O presente documento foi elaborado polo persoal de PROYFE, S.L. detallado a continuación para Xestión Urbanística de Lugo, S.A. (XESTUR LUGO).

Narón, febreiro de 2011



Asdo.: Lorena Pardifias Lamas
ARQUITECTA



Asdo.: Pablo Díaz de la Cuesta
ENXEÑEIRO INDUSTRIAL

ÍNDICE XERAL

1. INTRODUCCIÓN
2. XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL
3. DESCRICIÓN DOS ASPECTOS CONCRETOS DA MODIFICACIÓN
4. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS LÍMITES LEGAIS DE SOSTENIBILIDADE
5. TEXTOS MODIFICADOS DO PROXECTO SECTORIAL
6. PLANOS MODIFICADOS DO PROXECTO SECTORIAL

1. INTRODUCCIÓN

O Parque Empresarial de As Gándaras forma parte das propostas incluídas no *Plan Sectorial de Ordenación Territorial de Áreas Empresariais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*, declarado de incidencia supramunicipal o 22 de xaneiro de 2004 para os efectos previstos na Lei 10/1995 e no Decreto 80/2000 e aprobado definitivamente en data 27 de maio de 2004 polo Consello da Xunta de Galicia.

Segundo establece o Plan Sectorial na súa Normativa (Apartado 6.2), a execución de cada unha das instalacións obxecto do Plan Sectorial, requirirá a previa aprobación dos correspondentes Proxectos Sectoriais.

Así, por Resolución do 21 de febreiro de 2007, faise pública a aprobación definitiva do PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE AS GÁNDARAS (LUGO), acordada polo Consello da Xunta de Galicia do día 15 de febreiro de 2007.

Iniciado o proceso de comercialización das parcelas por parte de XESTUR LUGO, tense detectado a conveniencia de introducir leves modificacións na ordenación urbanística do Parque que posibiliten unha mellor adaptación da oferta ás demandas do mercado, principalmente no tocante á distribución de usos e ordenación volumétrica da edificación.

2. XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL

Aínda que non resulta de aplicabilidade directa por mor da natureza do Proxecto Sectorial, de conformidade co disposto no apartado 1º do artigo 94 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, *“calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas”*.

En base o anterior, a presente Modificación Puntual do Proxecto Sectorial do Parque Empresarial de As Gándaras trata, con carácter xeral, de dar unha máis áxil resposta ás necesidades dun mercado que XESTUR LUGO como empresa xestora da actuación, ten constatado unha vez iniciado o proceso de comercialización do solo empresarial xerado pola actuación.

Dita axilidade na resposta ó mercado necesariamente haberá de enmarcarse no actual escenario económico que aconsella adoptar as medidas necesarias para, por una banda favorecer a implantación de tecido empresarial que veña a paliar as cotas de desemprego que a nosa comunidade está a sufrir e por outra, posibilitar un rápido retorno da inversión de fondos públicos acometida para o desenvolvemento do Parque e, en última instancia, garantir a súa viabilidade económica.

Baixo esta pretensión xeral haberán de entenderse as modificacións introducidas polo presente documento na ordenación urbanística, principalmente de usos e volumes da edificación, do Parque Empresarial de As Gándaras que no epígrafe que segue son analizadas máis polo miúdo.

3. DESCRICIÓN DOS ASPECTOS CONCRETOS DA MODIFICACIÓN

As modificacións do Proxecto Sectorial, polas razóns expostas no epígrafe previo, teñen incidencia directa nos seguintes apartados do Instrumento de Ordenación Urbanística do Proxecto Sectorial:

- 3. ORDENACIÓN
 - 4. ORDENANZAS REGULADORAS
 - 7. CADRO DE CARACTERÍSTICAS
- PLANOS
- Plano 2.1.1 Ordenación
 - Plano 2.1.2 Zonificación

No presente epígrafe analízanse polo miúdo os aspectos concretos das modificacións introducidas amosando en qué medida afectan a cada un dos apartados do Proxecto Sectorial vixente.

- **Modificacións na regulación da ordenación parcelaria e volumétrica**

- Supresión dos recuamentos posteriores na zona de tipoloxía edificatoria adosada

A área de movemento da edificación determinada polas restricións á liña da edificación (liña límite de edificación obrigatoria ó fronte e recuamento mínimo na traseira) obriga a ocupacións do 60% e 40% (respectivamente para as parcelas de 15x45 m e de 20x60 m) no primeiro andar para o esgotamento da edificabilidade da parcela.

Dado que a imaxe formal das edificacións ven neste caso moito máis condicionada pola ordenación da súa fronte, e tendo en conta que as edificacións en ningún caso poden adosarse pola súa traseira as edificacións próximas, suprímese o recuamento posterior mínimo obrigatorio de 7m permitindo que a liña de edificación interior coincida co límite posterior da parcela. Non obstante o dito, en caso de que non se aproveite dita posibilidade establécese un recuamento mínimo posterior de 3m para evitar a aparición de espazos residuais.

Deste xeito aumenta a posibilidade de ocupación en planta das edificacións e se reduce a porcentaxe de ocupación das plantas superiores para o esgotamento da edificabilidade conforme ós datos reflectidos na seguinte táboa:

PARÁMETRO		P.S. VIXENTE	P.S. MODIFICADO
Superficie parcela tipo	(15x45)	675m ²	675m ²
	(20x60)	1.200m ²	1.200m ²
Coeficiente edificabilidade		1m ² /m ²	1m ² /m ²
Superficie máxima construída	(15x45)	675m ²	675m ²
	(20x60)	1.200m ²	1.200m ²
Recuamento frontal		10m	10m
Recuamento posterior		7m	-
Recuamentos laterais		-	-
Superficie máxima posible de ocupación en planta	(15x45)	420m ²	525m ²
	(20x60)	860m ²	1.000m ²
Ocupación en planta alta para esgotamento da edificabilidade	(15x45)	60%	30%
	(20x60)	40%	20%

o Aumento da superficie máxima de parcela

Na **zona de edificación adosada** auméntase de 2.400m² a 6.000m² a superficie máxima de parcela, o que posibilita a agrupación de parcelas dun ámbito completo, entendendo por tal o delimitado en todo o seu perímetro por espazos públicos ou parcelas empresariais con outra tipoloxía edificatoria. Incorporárase a esixencia de redacción dun Estudo de Detalle que controle o desenvolvemento desta posibilidade.

Na **zona de edificación semiadosado e illada** auméntase de 6.500m² (industrial) e 9.500m² (comercial e oficinas) a 11.000m² (industrial) e 18.500m² (comercial e oficinas) a superficie máxima de parcela, o que posibilita a agrupación dun ámbito completo dos regulados pola ordenanza.

En todo caso, para todas as parcelas de superficie maior ou igual a 10.000m², mantense a obrigatoriedade de formulación dun Estudio de Detalle para a ordenación de volumes, o axuste de rasantes e a ordenación do sobrante da parcela.

o Aumento da ocupación máxima de parcela

Tanto **nas zonas de edificación semiadosada como illada** suprímese a limitación da superficie ocupada pola edificación do 50% para parcelas de 6.500m² ou maiores.

Ademais, na **área de edificación semiadosada** auméntase de 6.500m² a 10.000m², a superficie de parcela para a cal ampliáanse os recuamentos laterais xerais da zona de 5m a 10m.

Así mesmo, nos **ámbitos A1 e A2**, situados ó norte do ámbito e estreitamente relacionados con **actividades vencelladas ó transporte**, auméntase a ocupación máxima da edificación nun 20% pasando do 30% e 50% vixente a 50% e 70% respectivamente.

Por último, nos ámbitos R, S, T e U auméntase a ocupación máxima de edificación do 50% ó 60% do solo.

Conséguese con todas estas medidas aumentar a ocupación en planta das parcelas afectadas pola modificación quedando a área de movemento da edificación limitada, con carácter xeral polos recuamentos mínimos e pola liña de edificación obrigatoria, onde se estableza esta.

o Aumento da altura máxima

Na área de edificación illada, esténdese a toda a zona a posibilidade de aumentar a altura da edificación en función de significar elementos singulares da paisaxe urbana, permitido no Proxecto Sectorial vixente unicamente nas parcelas de uso terciario. Ademais ampliáase a aplicación desta posibilidade ás necesidades técnicas da instalación dando así cabida, de ser o caso, á instalación de almacenaxe automático de mercadorías.

Nos **cuarteiróns T e U** ampliáase o número máximo de plantas sobre rasante de 3 a 4, aumentando consecuentemente a altura máxima de 12 a 15 m, toda vez que nesta zona se posibilita a través desta Modificación o uso hoteleiro.

- Minimización da liña de edificación obrigatoria

Restrínxese a liña de edificación obrigatoria ás fronte parcelarias cara ás rúas A, B e C nos ámbitos de tipoloxía edificatoria adosada e cara ás rúas C, D e F nos ámbitos de tipoloxía edificatoria semiadosada, suprimíndose a esixencia cara o restos dos viais para os cales a área de movemento da edificación quedará regulada polos recuamentos mínimos establecidos en cada caso.


Así mesmo, para non obrigar a unha tipoloxía edificatoria circular, elimínase a liña de edificación obrigatoria nas parcelas en esquina O4a, P6a, M2a e J3a, se ben se mantén o recuamento mínimo frontal vixente.

- **Modificación na regulación dos usos das parcelas empresariais**

- Aumento da superficie destinada a uso mixto (industrial-terciario) en detrimento do uso exclusivamente terciario

Desaparecen os cuarteiróns de uso exclusivamente terciario para as tipoloxías edificatorias adosada e semiadosada, se ben é posible o seu desenvolvemento en áreas de uso mixto, convivindo con usos industriais de categoría 1.

Así mesmo, a zona para tipoloxía edificatoria illada de uso exclusivo terciario redúcese dende a previsión vixente á metade dos cuarteiróns K e L situada fronte ós equipamentos públicos centrais do Parque (K1.2. e L1.1.).



- Aumento das posibilidades de implantación do uso almacenaxe nas áreas de uso mixto

Relacionado co aumento da superficie máxima de parcela na **área de edificación adosada** descrita anteriormente semella axeitado dar cabida a almacéns de maior tamaño que os encadrados na categoría 1ª (800 m² de superficie máxima). Deste xeito, esténdese a posibilidade do uso almacenaxe nesta zona os almacéns con independencia da súa categoría, isto é, da súa superficie, vendo limitado o seu tamaño pola propia regulación da edificación da parcela.

Así mesmo, xa que desaparece o **ámbito de edificación semiadosada** de uso exclusivamente terciario, trasládase o uso almacenaxe en tódalas categorías alí tolerado ó ámbito de edificación semiadosada de uso mixto no que se engloba agora o ámbito desaparecido.

- Uso hoteleiro

A diminución da superficie destinada exclusivamente a uso terciario susceptible de albergar o uso hoteleiro trae de seu a necesidade de prever novos emprazamentos para este uso. De tal xeito incorpórase o uso hoteleiro entre os usos permitidos nos cuarteiróns T e U.

- **Aumento da previsión de prazas de aparcamento no interior das parcelas de tipoloxía edificatoria illada e uso exclusivo terciario**

Para dar cobertura á maior demanda de prazas de aparcamento (que ven principalmente motivada pola posibilidade que se abre no cuarteirón J de implantación de usos terciarios) nos ámbitos K1.2 e L1.1 auméntase a esixencia de prazas de aparcamento dende as 2 prazas por cada 150 m² construídos ata as 2 prazas por cada 130 m² construídos.

- **Supresión dalgúns condicionantes á urbanización interior das parcelas**


Suprímense os seguintes condicionantes recollidos no Proxecto Sectorial vixente relativos á urbanización interior das parcelas empresariais:

- Eliminación da esixencia de urbanizar un porcentaxe dos espazos libres interiores das parcelas como as zonas libres públicas
 - Nos **cuarteiróns N, Q, R, S, T e U** elimínase a esixencia de urbanizar a lo menos o 30% dos espazos interiores da parcela consonte as condicións impostas para as zonas libres públicas.
 - Eliminación da esixencia de prever un porcentaxe das parcelas para uso público
 - No **ámbito A1** suprímese a esixencia de destinar o 20% da superficie a uso público
 - Nos **ámbitos R, S, T e U** suprímese a esixencia de destinar o 50% dos espazos libres interiores das parcelas ó uso público
 - Relacionado co anterior, elimínase a obrigatoriedade de acadar unha solución de continuidade entre as zonas verdes privadas e públicas nos ámbitos A1, A2, R e S, quedando non obstante aberta esta posibilidade no marco de desenvolvemento do Estudo de Detalle.
 - Aclaración ó cerramento común no linde lateral das parcelas: Aclárase que a Administración o Polígono só poderá executar por conta da propiedade das parcelas o devandito cerramento cando a parcela estea edificada
- **Supresión da condición imposta á edificación nalgúns ámbitos consistente en garantir plantas baixas diáfanas**


Suprímese a condición imposta ós Estudos de Detalle que desenvolveran ós ámbitos H4, I4, K1.1, K1.2, L1.1, L1.2, R e S pola que se obriga a prever planta baixas diáfanas nos baixos das edificacións.
 - **Outras modificacións na regulación dos cuarteiróns T e U**
 - Ante a problemática que presenta a elaboración dun Estudo de Detalle para o conxunto de cada unha das pezas en caso de distintos propietarios tal e como se desprende do articulado vixente, restrínxese esta esixencia ó caso de desenvolvemento conxunto de cada unha delas por parte dun único propietario. No caso de desenvolvemento de parcelas que non abrangan un ámbito completo impóñense recuamentos mínimos obrigatorios.

- Toda vez que se elimina a necesidade de prever espazos públicos no interior das parcelas suprímese a esixencia de materializar o acceso peonil ás zonas verdes a través destes. Non obstante o dito, o acceso queda garantido polo entorno das parcelas dende o cal accédese as sendas que discorren ó longo daquelas.
- **Regularización das áreas de equipamento público**

Regularízase o perímetro das parcelas destinadas a equipamento público EQ-2 e EQ-3, facendo coincidir os seus límites cos das parcelas e viais colindantes de xeito tal que incrementan a súa área de 10.578 m^2 a 12.500 m^2 en ambos casos.



O mesmo tempo, elimínase a separación dos equipamentos coas parcelas colindantes, xerando un aumento da superficie lucrativa dos ámbitos H4 e I4 de 15.160 m^2 a 15.945 m^2 para o primeiro e de 15.375 m^2 a 16.160 m^2 o segundo, cun incremento total de 1.570 m^2 sobre a superficie lucrativa do Parque, que pasa de $1.090.635\text{ m}^2$ a $1.092.205\text{ m}^2$. Este incremento se atopa dentro dos límites establecidos, toda vez que é superior ó 50% e inferior a $2/3$ da superficie total do ámbito.



Extraese da parcela de equipamento EQ-5 a zona ocupada pola zona de paso e comunicación coa zona verde ZV-3, o que provoca unha modificación da superficie de EQ-5 de 5.251m² a 4.990m².



Coas modificacións introducidas conséguese a regularización dos contornos dos equipamentos e homoxeneizar o seu tratamento con respecto ó resto das parcelas do Parque eliminando ambigüidades que na maior parte dos casos dan lugar a espazos residuais non urbanizados e nos que non se leva a cabo tarefa algunha de mantemento.

Deste xeito queda garantido o tratamento destes espazos conxunta e coherentemente coa urbanización das parcelas de equipamento.

- **Incorporación dos axustes sobre o trazado en base á evolución das obras de urbanización**

Se ben non supoñen modificación urbanística algunha, toda vez que o seu desenvolvemento polo miúdo xa tivo lugar na data de redacción da presente modificación, incorpóranse nos planos adxuntos os trazados simplificados dos espazos públicos do Parque e das áreas de estacionamento colindantes T, R e S e as áreas de aparcamento de vehículos pesados no interior do ámbito E e F.

Descríbese de seguido o alcance da modificación avanzado, estruturado en función da ordenanza que é obxecto de modificación:

3.1. MODIFICACIÓNS DA ORDENANZA 1. EDIFICACIÓN ADOSADA

- Desaparición da ordenanza O.1a (uso terciario) xa que todo o seu ámbito pasa a estar regulado pola ordenanza O.1c (uso mixto)
- Pasan tamén a estar reguladas pola ordenanza O.1c algunhas das parcelas anteriormente reguladas pola ordenanza O.1b (uso industrial)
- Eliminación dos recuamentos posteriores e imposición de recuamento mínimo (3 m) en caso de non facer coincidir a aliñación co límite de parcela
- Aumento da superficie de parcela máxima ata poder agrupar un ámbito completo para o cal se esixe a presentación dun Estudo de Detalle co obxecto de producir a ordenación de volumes, o axuste de rasantes e a ordenación do sobrante de parcela.
- Nas parcelas de uso mixto tolérase o uso de almacenaxe en todas as súas categorías (ata o de agora limitado á categoría 1ª)
- Suprímese en parte do ámbito a liña de edificación obrigatoria, en particular nas parcelas en esquina

3.2. MODIFICACIÓNS DA ORDENANZA 2. EDIFICACIÓN SEMIADOSADA

- Desaparición da Ordenanza O.2a (uso terciario) xa que todo o seu ámbito pasa a estar regulado pola ordenanza O.2c (uso mixto)
- Pasan tamén a estar reguladas pola ordenanza O.2c algunhas das parcelas anteriormente reguladas pola ordenanza O.2b (uso industrial)

- Aclárase que o adosamento lateral só esta permitido respecto a parcelas reguladas pola mesma ordenanza
- Auméntase de 6.500m² a 10.000m² a superficie de parcelas para as cales se esixe un recuamento lateral maior (10 m) do que, con carácter xeral, se impón para o resto de parcelas (5 m)
- Suprímese en parte do ámbito a liña de edificación obrigatoria, en particular cara os viais e aparcamentos de menor xerarquía
- Auméntase a 11.000m² a superficie máxima de parcela para o uso industrial e a 18.500m² para uso terciario e comercial.
- O uso almacenaxe en tódalas súas categorías trasládase dende a desaparecida variante O2.a ata a O2.c no que se engloba o ámbito procedente da variante desaparecida

3.3. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA 3. EDIFICACIÓN ILLADA

- Minimización das áreas reguladas pola ordenanza O.3a a favor da ordenanza O.3c
- Suprímese a imposición dunha ocupación máxima en parcela pola edificación do 50% en parcelas superiores a 6.500m²
- Esténdese a toda a zona a posibilidade de aumentar a altura da edificación en función de significar elementos singulares da paisaxe urbana, permitido no Proxecto Sectorial vixente unicamente nas parcelas de uso terciario. Ademais amplíase a aplicación desta posibilidade ás necesidades técnicas da instalación dando así cabida, de ser o caso, á instalación de almacenaxe automático de mercadorías.
- Nos ámbitos K1.2 e L1.1 auméntase a esixencia de prazas de aparcamento dende as 2 prazas por cada 150m² construídos ata as 2 prazas por cada 130m² construídos.
- Suprímese a condición imposta ós Estudos de Detalle que desenvolveran ós ámbitos H4, I4, K1.1, K1.2, L1.1 e L1.2 pola que se obriga a prever planta baixas diáfanas nos baixos das edificacións.
- Elimínase a necesidade de acondicionar un 30% dos espazos interiores das parcelas non ocupados pola edificación consonte as condicións establecidas no Proxecto Sectorial para as zonas libres públicas

3.4. MODIFICACIÓN COMÚN AS ORDENANZAS 1, 2 e 3

- Se ben non se entende como unha modificación propiamente dita senón máis como unha aclaración á regulación vixente, indícase expresamente que a potestade da Administración do Parque para executar por conta do propietario da parcela o cerramento lateral común dende a liña de edificación ata a aliñación queda restrinxida a parcelas edificadas pois enténdese que é nestas parcelas nas cales o propietario non cumpriu coa súa obriga ó respecto no momento da edificación e urbanización da parcela

3.5. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA 4. ÁREA DE SERVIZOS AO TRANSPORTE

- Auméntase a porcentaxe máxima de ocupación da edificación en planta nun 20%; do 30% ó 50% no ámbito A1 e do 50% ó 70% no ámbito A2
- Elimínase a obriga relativa á reservar unha porcentaxe mínima do 20% do espazo interior da parcela non ocupado pola edificación para uso público.

3.6. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA 5. ÁREA DE SERVIZOS XERAIS

- Auméntase a porcentaxe máxima de ocupación da edificación en planta do 50% ó 60%
- Suprímese a condición imposta ós Estudos de Detalle pola que se obriga a prever planta baixas diáfanas nos baixos das edificacións.
- Elimínase a obriga relativa á reservar unha porcentaxe mínima do 50% do espazo interior da parcela non ocupado pola edificación para uso público.
- Suprímese a necesidade de acondicionar un 30% dos espazos interiores das parcelas non ocupados pola edificación consonte as condicións establecidas no Proxecto Sectorial para as zonas libres públicas

3.7. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA 6. ÁREA DE SERVIZOS DO RÍO RATO

- Auméntase a porcentaxe máxima de ocupación da edificación en planta do 50% ó 60%
- Suprímese a necesidade de acondicionar un 30% dos espazos interiores das parcelas non ocupados pola edificación consonte as condicións establecidas no Proxecto Sectorial para as zonas libres públicas
- Elimínase a obriga relativa á reservar unha porcentaxe mínima do 50% do espazo interior da parcela non ocupado pola edificación para uso público.
- Auméntase o número máximo de plantas sobre rasante de 3 a 4, aumentando consecuentemente a altura máxima de 12 a 15 m.
- Toda vez que a redución da área regulada pola ordenanza O.3a trae de seu a diminución das zonas susceptibles de albergar o uso hoteleiro, incorpórase este uso no presente ámbito
- Ante a problemática que presenta a elaboración dun Estudo de Detalle para o conxunto de cada unha das pezas do ámbito (T e U) en caso de distintos propietarios tal e como se desprende do articulado vixente, restrínxese esta esixencia ó caso de desenvolvemento conxunto de cada unha delas por parte dun único propietario, imponéndose recuamentos mínimos obrigatorios no caso de desenvolvemento dos ámbitos en parcelas máis pequenas.
- Toda vez que se elimina a necesidade de prever espazos públicos no interior das parcelas suprímese a esixencia de materializar o acceso peonil ás zonas verdes a través destes. Non obstante o dito, o acceso queda garantido polo entorno das parcelas dende o cal accédese as sendas que discorren ó longo daquelas.

3.8. PLANOS DE ORDENACIÓN

Reedítanse os planos 2.1.1. *Ordenación* e 2.1.2 *Zonificación* do Instrumento de Ordenación Urbanística nos que, para maior claridade da ordenación proposta, suprímese a cartografía orixinal dentro do ámbito do Proxecto Sectorial e amósanse cada un deles nunha soa folla.

4. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS LÍMITES LEGAIS DE SOSTIBILIDADE

A Modificación do Proxecto Sectorial garante o cumprimento dos límites de sustentabilidade establecidos pola LOUGA.

O seguinte cadro recolle a comparativa entre o sistema dotacional do Proxecto Sectorial vixente e a súa Modificación.

SISTEMA DOTACIONAL	PROXECTO SECTORIAL VIXENTE		MODIFICACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL		VARIACIÓNS	
	(m ²)	(%)	(m ²)	(%)	(m ²)	(%)
ESPAZOS LIBRES DE USO PÚBLICO	387.555	18,15	387.816	18,16	+261	+0,01
EQUIPAMENTOS	43.719	2,05	47.302	2,22	+3.583	+0,17

As modificacións introducidas na ordenación xeran un incremento sobre os sistemas dotacionais de espazos libres e equipamentos de uso público.

No primeiro dos casos a variación se concentra en ZV-1, da que pasa a formar parte a comunicación peonil entre o Parque do Río Rato e a rúa A.

No segundo, a variación das superficies se localiza nos equipamentos EQ-2, EQ-3 e EQ-5 tras a regularización dos seus perímetros en relación coas vías colindantes.

En referencia as prazas de aparcadoiro, a Modificación xera un incremento da demanda toda vez que posibilita unha maior superficie edificable de uso terciario.

Na seguinte táboa se inclúe o cómputo de prazas do Proxecto Sectorial vixente nos supostos que posibilita a ordenación. O suposto nº1 (S-1) considera unha ocupación do 100% da superficie de uso mixto como uso industrial. O nº 2 (S-2) corresponde cunha ocupación de uso terciario no 100% da superficie de uso mixto.

PROXECTO SECTORIAL VIXENTE					
	ESTANDARES DE APLICACIÓN		PRAZAS GARANTIDAS POLA ORDENACIÓN		VARIACIÓNS
	S-1	S-2	S-1	S-2	
PRAZAS DE APARCAMENTO	14.018	17.831	17.076	18.167	+336
PRAZAS DE APARCAMENTO EN DOMINIO PÚBLICO	3.259	4.776	5.844	5.844	+1.068

Sendo,

S-1: Suposto dunha ocupación do 100% da superficie de uso mixto como uso industrial

S-2: Suposto dunha ocupación do 100% da superficie de uso mixto como uso terciario

As variacións reflicten os excedentes sobre o caso de maior demanda, de xeito que se garante que a ordenación cumpre os límites establecidos para todos os supostos.

Por outra banda, a seguinte táboa recolle a análise comparativa sobre os ámbitos modificados que inciden na variación da demanda e dotación das prazas de aparcamento no suposto mais esixente.

ANÁLISE COMPARATIVA P.S.V.-M.P.S. NO SUPOSTO DE MAIOR DEMANDA DE PRAZAS DE APARCAMENTO								
ÁMBITO CON MODIFICACIONES INCIDENTES	USO	SUPERFICIE (m ²)	EDIFICABILIDADE (m ² /m ²)	SUPERFICIE MÁXIMA EDIFICABLE (m ²)	DOTACIÓN PRAZAS LOUGA		DOTACIÓN PRAZAS ORDENACIÓN	
					GLOBAL	EN DOMINIO PÚBLICO	EN PARCELAS	
H4	PSV	T (H)	15.160	1,50	22.740	455	114	303
	MPS	M (T)	15.945	1,00	15.945	319	64	213
I4	PSV	T (H)	15.375	1,50	23.063	461	115	308
	MPS	M (T)	16.160	1,00	16.160	323	65	215
J1	PSV	I	3.600	1,00	3.600	36	9	18
	MPS	M (T)	3.600	1,00	3.600	72	14	18
J1A	PSV	I	2.353	-	2.500	25	6	13
	MPS	M (T)	2.353	-	2.500	50	10	13
J2	PSV	I	17.890	0,90	16.101	161	40	161
	MPS	M (T)	17.890	0,90	16.101	322	64	215
J2A	PSV	I	5.024	-	3.500	35	9	35
	MPS	M (T)	5.024	-	3.500	70	14	47
J3	PSV	I	3.600	1,00	3.600	36	9	18
	MPS	M (T)	3.600	1,00	3.600	72	14	18
J4	PSV	I	25.061	0,90	22.555	226	56	226
	MPS	M (T)	25.061	0,90	22.555	451	90	301

ANALISE COMPARATIVA P.S.V.-M.P.S. NO SUPOSTO DE MAIOR DEMANDA DE PRAZAS DE APARCAMENTO								
AMBITO CON MODIFICACIONES INCIDENTES	USO	SUPERFICIE (m ²)	EDIFICABILIDADE (m ² /m ²)	SUPERFICIE MÁXIMA EDIFICABLE (m ²)	DOTACIÓN PRAZAS LOUGA		DOTACIÓN PRAZAS ORDENACIÓN	
					GLOBAL	EN DOMINIO PÚBLICO	EN PARCELAS	
J4A	PSV	I	8.233	-	6.000	60	15	60
	MPS	M (T)	8.233	-	6.000	120	24	80
K1.2	PSV	T (H)	12.988	1,00	12.988	260	65	173
	MPS	T (H)	12.988	1,50	19.482	390	97	300
L1.1	PSV	T (H)	12.988	1,00	12.988	260	65	173
	MPS	T (H)	12.988	1,50	19.482	390	97	300
TOTALS	PSV		122.272	-	129.634	2.014	504	1.487
	MPS		123.842	-	128.925	2.578	555	1.718
VARIACIÓN			1.570	-	-710	564	51	231

Sendo,

PSV: Proxecto Sectorial Vixente

MPS: Modificación do Proxecto Sectorial

T (H): Uso terciario cunha ocupación do 100% de uso hoteleiro

M (T): Uso mixto cunha ocupación do 100% de uso terciario

I: Uso industrial

Os datos recollidos na táboa anterior reflicten un incremento na demanda de prazas de 564 unidades respecto ó Proxecto Sectorial vixente. Así mesmo, a ordenación definida na Modificación xera un incremento de 231 prazas no interior das parcelas, o cal se consegue aumentando a dotación prevista nas parcelas K.1.2 e L.1.1. dende as 2 prazas por cada 150 m² edificadas a 2 prazas por cada 130 m² edificadas (lémbrese que estas parcelas manteñen o carácter exclusivamente terciario da zona central do Parque e absorben parte da edificabilidade perdida das parcelas H4 e I4).

Por outra banda, a oferta de prazas en dominio público non sofre variacións, conservándose a dotación vixente de 5.844 prazas, cun excedente de 336 prazas respecto ós límites globais da ordenación vixente.

Polo tanto, o incremento na demanda de 564 prazas queda cuberta polos incrementos na dotación no interior da parcela (231) e o excedente en dominio público (336), cun total de 567 prazas.

A xustificación descrita resúmese no seguinte cadro, que recolle o cómputo de prazas da ordenación definida na Modificación do Proxecto Sectorial e o cumprimento dos estándares de aplicación.

MODIFICACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL					
	ESTANDARES DE APLICACIÓN		PRAZAS GARANTIDAS POLA ORDENACIÓN		VARIACIÓN
	S-1	S-2	S-1	S-2	
PRAZAS DE APARCAMENTO	12.711	18.395	16.765	18.398	+3
PRAZAS DE APARCAMENTO EN DOMINIO PÚBLICO	3.178	4.030	5.844	5.844	+1.814

Sendo,

S-1: Suposto dunha ocupación do 100% da superficie de uso mixto como uso industrial

S-2: Suposto dunha ocupación do 100% da superficie de uso mixto como uso terciario

5. TEXTOS MODIFICADOS DO PROXECTO SECTORIAL

5.1. MODIFICACIÓNS NO EPÍGRAFE 3. ORDENACIÓN DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA DO PROXECTO SECTORIAL

- **Apartado 3.2 Descrición Xeral da Solución Adoptada (Páx. 3-4)**

Onde di:

“Esta distribución de usos, fai que as parcelas destinadas a un uso singular, como poden ser estación de servizo, hotéis ou comerciais múltiples, oficinas e demais servizos terciarios intensivos, se leven ás zonas máis visibles ou accesibles do Parque, como son o cuarteirón A en contacto coa Autovía que acolle a Área de Servizos a o Transporte ou os cuarteiróns R e S onde se formaliza a Área de Servizos Xerais, fachada cara a Ronda Norte e cara á cidade.”

Modifícase por:

“Esta distribución de usos, fai que as parcelas destinadas a un uso singular, como poden ser estación de servizo, hotéis ou comerciais múltiples, oficinas e demais servizos terciarios intensivos, se leven ás zonas máis visibles ou accesibles do Parque, como son o cuarteirón A en contacto coa Autovía que acolle a Área de Servizos a o Transporte, os cuarteiróns R e S onde se formaliza a Área de Servizos Xerais, fachada cara a Ronda Norte e cara á cidade e os cuarteirón T e U.”

- **Apartado 3.4 Organización Parcelaria e Usos (Páx. 3-11)**

Onde di:

“A tipoloxía proxectada para a implantación nos cuarteiróns da edificación, está relacionada co tamaño de cada parcela, podendo, en cada ordenanza agrupar parcelas ata acadar unha superficie determinada, que ofrezca a versatilidade necesaria para acoller actividades diversas con distintas necesidades de localización e superficie de ocupación. Así, para parcelas entre 675 e 2400 m², estableceuse unha tipoloxía de edificación adosada, dentro da Ordenanza 1; entre 2.700 e 6.500 ou 9.500 m², dependendo do uso á que se destinen -dentro da Ordenanza 2-, permitiranse edificacións semiadosadas; e, a partir de 3.600 m², en cuarteiróns situadas en Ordenanza 3, obrigarase a edificar illadamente, establecendo unha ocupación máxima do 50 % cando a superficie de parcela

supere os 6.500 m². As Ordenanzas 4, 5 e 6 agrupan pezas estratéxicas con condicións especiais de cara á súa formalización.”

Modifícase por:

“A tipoloxía proxectada para a implantación nos cuarteiróns da edificación, está relacionada co tamaño de cada parcela, podendo, en cada ordenanza agrupar parcelas ata acadar unha superficie determinada, que ofrezca a versatilidade necesaria para acoller actividades diversas con distintas necesidades de localización e superficie de ocupación. Así, para parcelas entre 675 e 6.000 m², estableceuse unha tipoloxía de edificación adosada, dentro da Ordenanza 1; entre 2.700 e 11.000 m², dependendo do uso á que se destinen -dentro da Ordenanza 2-, permitíranse edificacións semiadosadas; e, a partir de 3.600m², en cuarteiróns situadas en Ordenanza 3, obrigárase a edificar illadamente. As Ordenanzas 4, 5 e 6 agrupan pezas estratéxicas con condicións especiais de cara á súa formalización.”

- **Apartado 3.4 Organización Parcelaria e Usos (Páx. 3-11)**

Onde di:

“Sobre esta parcelación inicial propónse a seguinte distribución de usos. Resérvase a zona norte do ámbito para os usos especificamente industriais, ocupando os cuarteiróns B, C, D, E, F, G e a maior parte do J, desenvoltas en tipoloxías de industria adosada, semiadosada ou illada, arroupadas de cara á fachada do Parque dende a Autovía pola Área de Servizos ao Transporte do cuarteirón A.”

Modifícase por:

“Sobre esta parcelación inicial propónse a seguinte distribución de usos. Resérvase a zona norte do ámbito para os usos especificamente industriais, ocupando os cuarteiróns B, C, D, E, F, G desenvoltas en tipoloxías de industria adosada, semiadosada ou illada, arroupadas de cara á fachada do Parque dende a Autovía pola Área de Servizos ao Transporte do cuarteirón A.”

- **Apartado 3.4 Organización Parcelaria e Usos (Páx. 3-11)**

Onde di:

“Destínanse a actividades terciarias os cuarteiróns que dan fronte ao primeiro tramo da rúa A, á rúa D e ao treito da rúa F comprendido entre as glorietas centrais, incluíndo as parcelas en esquina dos cuarteiróns J e M (parcelas J3a e M2a) sendo as zonas máis atractivas do Parque para este tipo de usos, pola súa localización e relación cos accesos e eixes principais de tráfico e coas zonas dotacionais do río Rato e da Ronda Norte.”

Modifícase por:

“Destínanse a actividades terciarias as parcelas K.1.2, L.1.1 e os cuarteiróns R, S, T e U sendo as zonas máis atractivas do Parque para este tipo de usos, pola súa localización e relación cos accesos e coas zonas dotacionais do río Rato, da Ronda Norte e as que se insiren na zona central do Parque.”

- **Apartado 3.5 Sistema dotacional (Páx. 3-14)**

Onde di:

“Deste xeito, e considerando que a superficie total do ámbito do Parque Empresarial é de 2.135.512m², a superficie reservada para equipamentos deberá ser como mínimo de 42.710m², sendo a área destinada a estes efectos polo Proxecto Sectorial de 43.719m².

En canto aos espazos reservados para zona verde, a reserva deberá ser como mínimo, de 213.551m², destinando o Proxecto Sectorial unha área de 387.555m², dos cales, aproximadamente 146.400m² forman parte do complexo dotacional do sur e oeste do Parque Empresarial coincidentes co ámbito do Río Rato (ZV-3 e ZV-4), 80.779m² forman parte do Parque Urbano en contacto coa Ronda Norte (ZV-5), e o resto, (algo máis de 160.000m²), son destinados á creación dun anel verde e dotacional como colchón paisaxístico e ambiental que garanta a minimización de impactos visuais, e complete a reserva de equipamento e zona verde do Parque nos espazos próximos ás zonas residenciais e ao trazado da Autovía A-6.”

Modifícase por:

“Deste xeito, e considerando que a superficie total do ámbito do Parque Empresarial é de 2.135.512m², a superficie reservada para equipamentos deberá ser como mínimo de 42.710m², sendo a área destinada a estes efectos polo Proxecto Sectorial de 47.302m².

En canto aos espazos reservados para zona verde, a reserva deberá ser como mínimo, de 213.551m², destinando o Proxecto Sectorial unha área de 387.816m², dos cales, aproximadamente 146.400m² forman parte do complexo dotacional do sur e oeste do Parque Empresarial coincidentes co ámbito do Río Rato (ZV-3 e ZV-4), 80.779m² forman parte do Parque Urbano en contacto coa Ronda Norte (ZV-5), e o resto, (algo máis de 160.000m²), son destinados á creación dun anel verde e dotacional como colchón paisaxístico e ambiental que garanta a minimización de impactos visuais, e complete a reserva de equipamento e zona verde do Parque nos espazos próximos ás zonas residenciais e ao trazado da Autovía A-6.”

- **Apartado 3.5 Sistema dotacional (Páxs. 3-15, 3-16)**

Onde di:

“No que respecta ao cálculo das prazas de aparcamento necesarias, oscila entre dous valores extremos: o que resultaría do caso en que as zonas destinadas a uso mixto terciario-industrial cheguen a estar ocupadas na súa totalidade por un uso industrial, alcanzando así unha proporción de 72,60% de edificación industrial e un 27,40% de edificación terciaria, debendo reservar polo tanto, un total de 14.018 prazas de aparcamento; ou que o uso mixto chegue a ser ocupado completamente por usos terciarios, sendo a proporción neste caso de 62,05% de edificación terciaria e 37,95% industrial, debendo reservarse neste caso 17.831 prazas.

O Proxecto Sectorial garante a reserva dun número mínimo de 17.076 prazas no primeiro dos supostos antes descrito, e un máximo de 18.167 no segundo suposto, cubrindo en consecuencia con folgura o estándar esixido en calquera das dúas hipóteses. 5.844 prazas son de dominio público, cumprindo así os estándares da LOUG que definen que, como mínimo unha cuarta parte das prazas reservadas en ámbitos de uso industrial se reservarán para dominio público e no caso de ámbitos de uso terciario será duna quinta parte; sumando así un número total de 3.259 no caso do primeiro suposto e de 4.776 no segundo. Regúlase o equilibrio entre a actividade e a reserva de aparcamento mediante as ordenanzas particulares.”

Modifícase por:

“No que respecta ao cálculo das prazas de aparcamento necesarias, oscila entre dous valores extremos: o que resultaría do caso en que as zonas destinadas a uso mixto terciario-industrial cheguen a estar ocupadas na súa totalidade por un uso industrial, alcanzando así unha proporción de 84,40% de edificación industrial e un 15,60% de edificación terciaria, debendo reservar polo tanto, un total de 12.711 prazas de aparcamento; ou que o uso mixto chegue a ser ocupado completamente por usos terciarios, sendo a proporción neste caso de 67,29% de edificación terciaria e 32,71% industrial, debendo reservarse neste caso 18.395 prazas.

O Proxecto Sectorial garante a reserva dun número mínimo de 16.765 prazas no primeiro dos supostos antes descrito, e un máximo de 18.398 no segundo suposto, cubrindo en consecuencia o estándar esixido en calquera das dúas hipóteses. 5.844 prazas son de dominio público, cumprindo así os estándares da LOUG que definen que, como mínimo unha cuarta parte das prazas reservadas en ámbitos de uso industrial se reservarán para dominio público e no caso de ámbitos de uso terciario será dunha quinta parte; sumando así un número total de 3.178 no caso do primeiro suposto e de 4.030 no segundo. Regúlase o equilibrio entre a actividade e a reserva de aparcamento mediante as ordenanzas particulares.”

- **Apartado 3.6 Edificabilidade e usos (Páxs. 3-17)**

Onde di:

“Os parámetros do Plan Sectorial para o desenvolvemento do Proxecto Sectorial do Parque Empresarial de As Gándaras (Lugo), fixan unha edificabilidade máxima de 0,6 m²/m² sobre a superficie total do ámbito e unha ocupación de usos empresariais non menor do 50% nin maior de dous tercios da superficie total do ámbito. As características do emprazamento, os condicionantes medioambientais e a contigüidade co Polígono Industrial de O Ceao, levan ao Proxecto Sectorial a definir unha ordenación cunha superficie de ocupación de 1.090.635m², o que equivale a un 51,07 % sobre o ámbito, conseguindo definir unha edificabilidade global de 0,515m²/m², 1.100.303m² edificables.

Dita edificabilidade repártese dependendo das tipoloxías e actividades definidas e reguladas nas ordenanzas deste Proxecto Sectorial.

Así, defínese un primeiro tipo de edificación adosada en parcela tipo base de entre 675m² e 1.200m², localizada nos ámbitos E2, E2a, E4, E4a, F2, F2a, F4, F4a, G2, G2a, H1, H1a, H3, H3a, I1, I1a, I3, I3a, J1, J1a, J3, J3a, K2, K2a, K4, K4a, L2, L2a, L4, L4a, M2, M2a,

O2, O2a, O3, O3a, O4, O4a, O6, O6a, P2, P2a, P3, P3a, P4, P4a, P6 e P6a dando fronte ás rúas A, B e C, cunha edificabilidade de $1,00\text{m}^2/\text{m}^2$, o que significa a posibilidade de construción de naves de entre 675m^2 e 1.200m^2 construídos. Nelas se desenvolverán actividades terciarias coincidindo cos ámbitos J3a, K2, K2a, M2a, O2, O2a, O4, O4a, O6, O6a, P4, P4a, P6 e P6a (ordenanza 1A); industriais coincidindo cos ámbitos E2, E2a, E4, E4a, F2, F2a, F4, F4a, G2, G2a, J1, J1a e J3 (ordenanza 1B); e industrias ou actividades terciarias indistintamente (ordenanza 1C) nos ámbitos H1, H1a, H3, H3a, I1, I1a, I3, I3a, K4, K4a, L2, L2a, L4, L4a, O3, O3a, P2, P2a, P3 e P3a.

O Proxecto Sectorial, define un segundo tipo de edificación semiadosada en parcela de dimensión media, entre 2.700m^2 e 9.500m^2 . Esta ordenanza 2, localízase nos ámbitos E3, F3, G3, H2, I2, J2, J2a, J4, J4a, K3, L3, M1, M1a, M3, M3a, O1, O5, P1 e P5, cunha edificabilidade máxima de $0,90\text{m}^2/\text{m}^2$, supoñendo a implantación de naves de entre 2.430m^2 e 8.550m^2 construídos. Nelas defínese a posibilidade do desenvolvemento de actividades terciarias nos ámbitos O5, e P5 (ordenanza 2A); actividades exclusivamente industriais nos ámbitos E3, F3, G3, J2, J2a, J4 e J4a (ordenanza 2B); e industriais e terciarias (ordenanza 2C) nos ámbitos H2, I2, K3, L3, M1, M1a, M3, M3a, O1, P1.

Queda definido un terceiro tipo de edificación illada en grandes parcelas de superficie maior que 3.600m^2 nos cuarteiróns B, C, D, N e Q e nos ámbitos E1, F1, G1, H4, I4, K1, L1, e M4, aplicándolles unha edificabilidade de $1\text{m}^2/\text{m}^2$, o que significa a posibilidade de construción de naves de superficie maior de 3.600m^2 construídos. Ós ámbitos H4 e I4, aplícaselles unha edificabilidade de $1,5\text{m}^2/\text{m}^2$, o que supón a construción de edificacións de máis de 5.400m^2 construídos. Diferéncianse entre eles polo seu uso, así, os ámbitos H4, I4, K1 e L1, destínanse a usos terciarios (ordenanza 3A) ocupando unha posición central dentro do ámbito; os cuarteiróns B, C e D e os ámbitos E1, F1 e G1 na zona norte destínanse a actividades industriais (ordenanza 3B); e os cuarteiróns N e Q, o ámbito M4 localizados ao surlleste do Parque, resérvanse para un uso mixto industrial-terciario (ordenanza 3C).”

[...]

